



MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO. PRESENTE E FUTURO

Bieito Pérez Outeiriño
Director do Museo das Peregrinacións e de Santiago

Presentación.

Con seis décadas longas de vida¹ o Museo das Peregrinacións e de Santiago (MDPS) atópase nestes momentos nun proceso de transformación que lle afecta á organización interna e aos propios espazos físicos que constitúen (ou constituirán nun breve prazo de tempo) a sede destinada a albergar as súas dependencias.

Esta situación non é produto da casualidade senón que é resultado da planificación que ao longo dos últimos tres lustros está intentando impulsar o equipo técnico e directivo do centro con vistas a acadar a máis efectiva rendibilidade social e cultural dunha infraestrutura pública que, a pesar de contar cun gran potencial, non ten acadado aínda un aceptable desenvolvemento das súas verdadeiras posibilidades².

1 O Museo créase en 1951 co nome de *Museo de Santiago y de las Peregrinaciones* pero non abrirá ao público dun xeito permanente ata 45 anos despois. Trátase dun museo creado polo concello de Santiago co apoio da entón Dirección General de Bellas Artes da administración estatal que pronto asumirá a súa titularidade e xestión por desinterese da administración local, sendo transferida a súa xestión finalmente á Xunta de Galicia en 1995.

2 Como estes aspectos foron tratados en diversos estudos, remitimos a eles e, dun xeito especial: PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Notas históricas sobre o Museo das Peregrinacións" en VVAA., *Un museo en crecemento: Museo das Peregrinacións: adquisicións 1996-2001: (exposición conmemorativa do 50 aniversario da creación do Museo)*, (cat. exposición), Santiago de Compostela, 2001, 15-51. Ídem, "O Museo das Peregrinacións. Un espazo museográfico relacionado coa orixe de Compostela", *Boletín Auriense*, t. XXXIV, 2004, 51-78.



Fachada da Casa Gótica. Actual sede do MDPS.

Dada a brevidade deste texto, salientaranse exclusivamente aqueles aspectos de maior interese para comprender máis doadamente a situación actual do museo e as perspectivas que agora se abren e que marcarán o seu futuro.



Antigo edificio do Banco de España (esquerda) e Casa do Cabido (centro) espazos ofrecidos inicialmente polo Consorcio de Santiago para ampliación do MDPS.

Do pasado para o futuro

Logo da apertura dun xeito permanente ao público en 1996, na procura da efectiva consolidación do museo, establecéronse varios obxectivos para acadar o seu normal funcionamento potenciando, entre outros aspectos, a transmisión máis axeitada da oferta museística, o incremento do grao de relación entre a institución e o público, a eliminación dos inconvenientes derivados da inadecuación dos espazos dispoñibles e para poder garantir, ao mesmo tempo, a conservación máis axeitada dos fondos custodiados.

Consonte a estas directrices desenvolvéronse actuacións concretas con vistas a situar o museo no lugar que lle correspondía, tanto no ámbito local e autonómico como no estatal e internacional. O

incremento continuado de visitantes, o nivel de intercambios institucionais, tanto na península coma no estranxeiro, o desenvolvemento de actividades de difusión, dun xeito especial a execución dun elaborado programa de exposicións temporais complementario do discurso expositivo, etc., supuxeron pasos de xigante na normalización da institución.

Entre as liñas preferentes de actuación que marcan o presente da institución museística e que sen dúbida van condicionar o seu futuro, salíentanse as seguintes:

- a) Crear unha nova institución.
- b) Constituír unha colección consonte o contido temático.
- c) Solucionar o grave problema de falta de espazo.

Abordaranse as tres da maneira máis sintética posible para detérmolos con maior detalle no relativo ao último dos apartados por ter unha meirande transcendencia mediática:

1.- *Crear unha nova institución.*

A especial traxectoria experimentada polo museo, pechado ao público os primeiros 45 anos da súa vida, imposibilitou o desempeño do papel que lle correspondía no panorama cultural de Santiago, de Galicia, de España e tamén no ámbito internacional.

A singularidade do contido temático, que combina o estritamente local, como é a historia da cidade de Compostela, cunha dimensión internacional marcada polo fenómeno da peregrinación, supuxo desde o comezo un reto para poder harmonizar os dous aspectos, aparentemente contradictorios, á vez que definidores da súa singularidade³.

Do mesmo xeito, e considerando que a verdadeira misión dun museo é a de transmitir coñecemento, e que un centro desta natureza non se pode entender á marxe da investigación, propúxose a constitución dun novo "museo" no que se recoñecese dun xeito explícito a función non soamente de transmitir, senón tamén de xerar coñecemento, como unha ratificación da importancia que debe ter o museo en canto axente activo no proceso de creación de produtos culturais de calidade contrastada.

Estas e outras propostas foron recollidas no RD 1293/2007⁴, do que se poden salientar os seguintes aspectos:

- 1.- Dota ao museo dun instrumento legal de creación e regulación do que non dispuña.
- 2.- Modifica o nome do museo pasando a denominarse "Museo das Peregrinacións e de Santiago" en lugar de "Museo das Peregrinacións".

3 Este contido temático bipartito xa se recolle no Regulamento do museo elaborado en 1951; resulta esencial na definición do museo (Cfr., SIERRA RODRÍGUEZ, J.C., "Sistemas y redes museísticas. El caso de Santiago de Compostela", *Boletín de la ANABAD*, vol. XL, nº 4, 1990, 129-140, espec. p. 136), e así será recollido tamén no actual instrumento legal de regulación.

4 RD 1293/2007, de 28 de setembro, por el que se regula el Museo de las Peregrinaciones y de Santiago. BOE nº 252, de 20 de outubro.

3.- Define a institución como "centro museístico nacional".

4.- Constitúe, baixo o paraugas do museo, o Centro de Documentación, Investigación e Interpretación de Santiago e das Peregrinacións.

5.- Establece o contido temático en tres bloques:

- a) A peregrinación como fenómeno universal
- b) A peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago en particular.
- c) O nacemento e a evolución da cidade de Santiago de Compostela como meta de peregrinación.

6.- Establece con claridade os fins e as funcións específicas do museo.

Esta normativa posibilitaría que se cumprise a vella proposta de que o MDPS, como parte desta sociedade de coñecemento, actuase tamén como instrumento de cohesión social chegando a constituírse en centro de referencia ofertando solucións técnicas e científicas ás distintas propostas relacionadas coas programacións ordinarias e extraordinarias de temática xacobeá e, de igual xeito, coas que afectan á historia da cidade. Sumar iniciativas optimiza o aproveitamento dos recursos e depara resultados máis substanciosos.

O gran éxito que supuxo o feito de acadar esta definición teórica contrasta coa falta de realidades concretas que marquen unha diferenza coa situación anterior. Nada se avanzou na consolidación do centro de documentación, investigación e interpretación no que, pola súa temática, terían un papel importante o Consorcio de Santiago no que atangue á historia de Santiago, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para todo o relacionado coa peregrinación, así como a Universidade e outros centros relacionados coa cultura e co patrimonio.

2.- *Constituír unha colección consonte o contido temático.*

A apertura do museo en 1996 marca un punto de inflexión para a definición da colección. Cando en 1951 se crea o museo non existían fondos. Abondaban, iso sí, as propostas de doazóns ou de depósitos que non



Entrada da futura sede do MDPS no antigo Banco de España

se chegarían a formalizar. Incluso bens culturais como os do antigo Hospital Real, relacionados coa temática do museo pola vinculación coa cidade e coa peregrinación, pasarían á colección dun futuro Museo Municipal. Con dificultade disporíase dun fondo suficiente para organizar un discurso expositivo para a apertura do MDPS dun xeito estable.

A posteriori, e como parte dun plan organizado, detectáronse os múltiples baleiros existentes na colección en relación á elaboración dun discurso coherente e exhaustivo sen deixar tampouco de lado os aspectos relacionados coa función investigadora inherente ao museo. Esta información foi a base para a elaboración duns criterios que veñen marcando a política racional de adquisicións do museo con vistas

ás futuras instalacións. Deste xeito, e ao longo da primeira década deste século, avanza considerablemente no incremento de fondos vinculados directamente coa temática do centro, salientando sobre todo o gran esforzo económico levado a cabo pola Xunta de Galicia para a compra de importantes conxuntos de bens de considerable significación para a colección. Ao mesmo tempo, o desenvolvemento da actividade arqueolóxica urbana propiciou un considerable incremento de materiais arqueolóxicos de altísimo interese para o coñecemento da evolución histórica da cidade e do seu entorno. Paralelamente intentáronse incentivar as doazóns e os depósitos de particulares acadando por estas vías exemplos altamente significativos.

Como complemento, ao longo tamén da última década, desenvolveuse un programa de conservación e restauración pensando sobre todo na exposición permanente na futura sede⁵.

Conseguíuse pois que a colección actual do MDPS estea hoxe moi lonxe da existente no momento da apertura en 1996, incluíndo obras relevantes que completan aspectos ata o de agora deficientemente representados e que o estado de conservación, en termos xerais, mellorase de xeito considerable.

3.- Solucionar o grave problema de falta de espazo

3.1.- Antecedentes.

A adquisición en 1951 da Casa Gótica para sede do denominado Museo de Santiago e das Peregrinacións supuña o comezo dunha chea de esforzos por adaptar as difíciles condicións dun inmovible ás esixencias espaciais propias dun museo. Pero a necesidade de contar con novos espazos máis axeitados convértese ben pronto nun obxectivo irrenunciábel. Non debe pois estrañar que, mesmo antes da apertura de xeito permanente ao público en 1996, houbera intentos de procurar unha nova sede⁶. Buscar espazos máis acordados sería unha constante na vida do museo⁷.

3.2.- Na procura do edificio do Banco de España.

Como consecuencia da catástrofe do *Prestige*⁸, a administración estatal incluíu no *Plan Galicia*⁹ a

proposta de instalar en territorio galego o *Museo Nacional de Instrumentos Musicais*.

A procura do inmovible para albergar este improvisado museo, levaría ao propio responsable da Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales a tomar contacto directo cos museos de titularidade estatal e xestión transferida á administración autonómica galega. A constatación da situación de tales centros, e en particular do Museo das Peregrinacións, deixaría en evidencia a inadecuación da creación dese novo centro museístico. No seu lugar considerou que se debería dar preferencia á mellora das infraestruturas preexistentes e nese sentido urxía solucionar a carencia dunha sede axeitada para o museo compostelán en atención á súa singularidade.

Precisamente nese momento tratouse da posibilidade de destinar o edificio que viña ocupando o Banco de España e que a finais de 2004 quedaría sen uso. A tal efecto, e desde o propio departamento ministerial, iníciábase de xeito inmediato xestións co Ministerio de Facenda a fin de, unha vez cesada a actividade bancaria, adscribir o inmovible ao Ministerio de Cultura para destinalo a ampliación do Museo das Peregrinacións.

No propio ano 2003, e a solicitude da Subdirección General de Museos Estatales, comézase a elaborar o Plan Museolóxico que, en canto instrumento básico de planificación, debería deseñar, a través dos diversos programas e proxectos, o futuro da institución en todas as súas dimensións. Non obstante, un certo desinterese por parte da administración autonómica, as pretensións que o concello de Santiago manifestaba polo mesmo inmovible para unha nova experiencia de Museo Municipal (Museo da Cidade) e outras circunstancias pouco favorables que teñen lugar van freando a proposta e o documento de planificación museística non pasa dun primeiro borrador.

3.3.- Colaboración co Consorcio de Santiago.

Hai que agardar a 2006 para que se produzan importantes progresos na proposta de dedicar o antigo edificio do Banco de España para ampliación do MDPS: as dúas administracións con implicación no museo (Xunta de Galicia e Ministerio de Cultura) acordan solicitar a adscripción do edificio a esta última; a administración local reconsidera a súa proposta inicial de Museo Municipal (Museo da Cidade) e apoia a

5 Tanto este programa de restauración como o de adquisición mediante compra víronse reducidos á mínima expresión nos últimos anos por falta de recursos financeiros.

6 Cabe salientar as xestións levadas a cabo a principios dos anos 70 para destinar espazos do convento de San Domingos de Bonaval, no que se estaban a realizar obras de restauración con cargo a fondos estatais, para o Museo das Peregrinacións, de xeito que compartise o edificio co *Museo Histórico, Artístico y Etnográfico de la Ciudad* (Museo Municipal), e a proxectada *Escuela de Artes Aplicadas e Oficios Artístico*, proposta que non frutificou.

7 Neste sentido pódense salientar varios intentos: o inmovible deixado baleiro pola Delegación Provincial de Facenda (rúa do Vilar, 7), a antiga Casa Reitoral de San Miguel dos Agros (Algalia de Arriba, 29) ou o inmovible líndeiro coa Casa Gótica pola parte do poñente (praza de San Miguel, 9). Ningún deles se solucionou favorablemente.

8 Os lamentables sucesos ocorreron entre o 13 e o 19 de novembro de 2002 coa avaría e o afundimento do petroleiro provocando a maior catástrofe ecolóxica nas costas galegas con incalculables consecuencias medioambientais.

9 Aprobado polo Consello de Ministros o 23 de xaneiro de 2003, dótase con 12.459 millóns de euros para promover a recuperación medioambiental e tamén económica das zonas afectadas.



Frontal de altar. Escola de Lleida. Último terzo s. XIII. Colección antiga do MDPS.

proposta de instalación do Museo das Peregrinacións no edificio deixado baleiro polo Banco de España; finalmente o Consorcio de Santiago¹⁰, implícase no proxecto de xeito decidido e pon a dispor do novo museo tamén a Casa do Cabido¹¹, que estaba nese momento en trámites de adquisición.

10 Constitúese coma un organismo intergubernamental do que forman parte as dúas administración implicadas na titularidade e xestión do MDPS ademais do concello, a quen se adscribe e ostenta a presidencia. Nace en 1992 para promover e coordinar accións das distintas administracións que o constitúen para preservar e revitalizar o patrimonio cultural da capital galega. Está participado polo goberno estatal (60%), autonómico (35%) e o local (5%). Cfr. RD 260/1991, de 1 de marzo sobre organización del Real Patronato de la Ciudad de Santiago de Compostela (BOE nº 55 do, 5 de marzo de 1991. Estatutos vixentes (BOPCor. nº 292, do 22 de decembro de 1999) e regulamento da comisión executiva (BOPCor. nº 295, do 27 de decembro de 1999).

11 Coa oferta dos dous novos edificios trabállase no Plan Museolóxico (nomeadamente no Programa de Necesidades Arquitectónicas) no deseño dun novo museo plurinuclear no que se distribúen as distintas funcións entre os tres inmobles dispoñibles, sede da Rúa de San Miguel, sede do antigo Banco de España e a sede da Casa do Cabido.

Coa colaboración do Consorcio prodúcense importantes avances: créase un comité de seguimento no seo do que se debaten as propostas das partes, elabórase unha serie de estudos previos á redacción do Plan Museolóxico¹², dáse corpo ao texto que desembocará no RD 1293/2007, colabórase na redacción de diversos apartados do Plan Museolóxico, nomeadamente o Programa de Necesidades Arquitectónicas e pónense as bases para a contratación do Proxecto Arquitectónico.

12 Son de salientar ao longo deste ano 2006: Arteaga Serna, S., *Estudo sobre o estado de conservación dos fondos artísticos (pintura e escultura) do Museo das Peregrinacións*, Cobas Macías, M.C., *Estudo sobre o estado de conservación dos fondos artísticos (pintura e escultura) do Museo das Peregrinacións*, Arce Méndez, A., *Estudo sobre a potencialidade das coleccións arqueolóxicas do Museo das Peregrinacións de cara á súa inclusión no discurso expositivo*, que se xuntaron a outros sobre a realidade da peregrinación en relación co turismo en Santiago (2005) ou un estudo de público do museo (2007).

Neste proceso, e como consecuencia de activas negociacións por parte do Consorcio de Santiago, tramítase a adscrición do antigo edificio bancario ao Consorcio en lugar de facelo ao Ministerio como estaba previsto e como procedería en boa lóxica pola condición de titular do museo ao que se ía destinar o inmovible. Non obstante, o Consorcio resultaba un instrumento idóneo que podía axilizar a cesión e xestionar tamén as obras de remodelación do inmovible para ampliación do museo, en lugar de facelo directamente a administración central.

O proxecto e remodelación adxudícase ao arquitecto Manuel Gallego Jorreto iniciándose un proceso de mutua colaboración cos técnicos do museo para harmonizar o Programa de Necesidades elaborado cos espazos dispoñibles no inmovible¹³.



Santiago e San Xoán. Mestre de Ventosillas.
Primeiro terzo s. XVI. Incorporación recente

¹³ O programa de *Necesidades Arquitectónicas* (novembro de 2007) foi precedido polo documento *Directrices a seguir para a redacción do proxecto arquitectónico* (setembro de 2007). Sobre a obra de remodelación cfr. *Museo de las Peregrinaciones y de Santiago*, edición a cargo de Francisco Menor Monasterio e Carlos Busto Moreno, Madrid, 2012.

3.4.- O fomento dunha confusión.

A pesar da existencia dunha colaboración no proxecto de remodelación da antiga sede do Banco de España para ampliación do MDPS, tanto o Consorcio como, e sobre todo, o Concello de Santiago, seguiron falando de "Museo da Cidade", para referirse á institución á que se destinaría o citado inmovible das Praterías. Os medios reproducían tal denominación chegando a crearse unha gran confusión entre a cidadanía que, na maioría dos casos, pensaba que se trataba dun museo de ámbito local de titularidade municipal ou ben de dous museos diferentes. Por máis que desde o MDPS se intentou desfacer tal confusión, resultou completamente inútil. Soamente concluída a remodelación do Banco de España a mediados de 2012, e co nome en grandes caracteres na fachada principal, comezou a mudar a confusión terminolóxica.

O día 24 de xullo de 2012 ten lugar a inauguración da remodelación do inmovible. Se ben estaba previsto que se fixese un aproveitamento das instalacións como espazo expositivo mentres non fose efectiva a súa cesión á administración estatal para que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte asumise o compromiso de executar o proxecto museográfico, o sorprendente resultou ser que a utilización como centro de exposicións e doutras actividades culturais por parte do Consorcio levase tamén aparelado o uso do nome de Museo das Peregrinacións e de Santiago co que, *de facto*, empezou a funcionar nesa data como unha institución paralela, sen ningunha relación nin xerárquica nin funcional entre elas e sen nada que ver na súa concepción nin na súa oferta, pero con idéntica denominación.

Tal realidade sementaría máis aínda a confusión entre os cidadáns e sobre todo entre os visitantes, e xeraría unha situación de ambigüidade tan prexudicial para este museo como para o panorama cultural da cidade. Este panorama irregular, que nace de confundir entre espazo museístico con institución museística, leva ao Consorcio de Santiago a xestionar como propio un museo de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia. Esta duplicidade provoca unha competencia pouco leal máis aínda cando o verdadeiro MDPS carece das posibilidades necesarias para facer valer a súa posición. Tanto os parabéns como as críticas dirixidas ao proxecto temporal de Praterías non atopan un responsable concreto. É ao "museo" en definitiva ao que se dirixen os cidadáns que non entran

en consideracións de quen é o titular, quen é o xestor, quen en definitiva o responsable e se se trata dunha experiencia efémera ou dunha proposta duradeira. A miúdo o traballo calado e planificado que realiza un equipo técnico ao longo de moitos anos vese relegado e pouco ou nada valorado pola nula repercusión pública que acada o cumprimento das obrigas de cada quen, mentres que, pola contra, calquera acontecemento esporádico, estea ou non contrastado, pódese converter en noticia e acadar gran repercusión mediática.

Colofón

Chegados a esta situación, no resulta difícil enumerar os pasos que é preciso dar aínda para acadar os obxectivos inicialmente marcados con vistas a dotar o MDPS duns espazos máis axeitados e iniciar unha nova etapa na vida desta institución. Pódense resumir nos seguintes apartados:

- a) Conclusión íntegra da remodelación do edificio do Banco de España por parte do Consorcio.
- b) Clarificación do destino da Casa do Cabido.
- c) Asunción por parte da administración estatal da cesión dos novos espazos museísticos.

d) Contratación por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da execución da montaxe museográfica consonte o programa elaborado.

e) Asunción por parte da Xunta de Galicia da xestión dos novos espazos como ampliación do MDPS que xa ven xestionando desde 1995.

Pero máis difícil vai resultar a eliminación da entropía creada e que fai que o público dubide entre a duplicidade real ou ficticia do museo, e considere que hai outro contedor máis sen contido, como exemplo doutra mostra de gasto excesivo das administracións, que en todo isto non hai máis ca unha gran improvisación, que non existe ningún tipo de programación, que se está ante unha institución acéfala que nin tan sequera ten fondos museográficos tal e como se pode comprobar nas salas do Banco de España..., e toda unha chea de cuestións e imprecisións que asalta á cidadanía e que se atopan na rede a disposición de todos. Isto en nada favorece unha realidade que é froito do traballo de moitas persoas que se esforzaron a prol dun proxecto tan apaixonante como complexo.

Santiago de Compostela, febreiro 2013.



Arca recuberta con vieiras. Escola castelá.
Fins s. XV - Principios s. XVI. Incorporación recente



Santiago con orantes. Acibeche.
Taller compostelán. Fins s. XV - s. XVI.
Incorporación recente